

## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

### **ASUNTO: INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, SEGUNDO A LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCIERA NO EXPEDIENTE DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2019**

Con motivo da aprobación do expediente do Orzamento do exercicio 2019, emito o seguinte Informe:

**PRIMEIRO.-** A necesidade do presente Informe con carácter independente.

Segundo o disposto no artigo 4 do RDEO “1. *Las entidades locales [...] aprobarán sus presupuestos [...] ajustándose al principio de estabilidad definido en los artículos 1 y 3 del artículo 19 de la Ley General de Estabilidad Presupuestaria*”.

Por outro lado, no apartado 2 do seu artigo 16 dispón que “[...] *la intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad [...]*”.

*El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en [...] texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación*”.

**SEGUNDO.-** Lexislación aplicable

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigas de subministración de información
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRFL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ó Principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 y 146.1).
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 de la LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE (Novembro 2014).

## .....CONCELLO DE BERGONDO.....

### Orzamento para o exercicio de 2019

- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba el SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea

#### **TERCEIRO.-** Cumprimento do obxectivo de estabilidade

O Orzamento xeral das entidades locais, de acordo co establecido no artigo 165.1 da Lei reguladora de Facendas Locais, segundo redacción dada pola Lei de Estabilidade Orzamentaria, deberá atender ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, como se conceptúa esta magnitude na Lei de estabilidade orzamentaria.

O artigo 3.1 da Lei orgánica 2/2012 dispón que a elaboración dos Orzamentos dos suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación realizarase un marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. O apartado 2 dese artigo define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. En concreto, para as corporacións locais, o principio de estabilidade instruméntase no artigo 11.4 de modo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, así para cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria debe manterese un equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas. Así, o Consello de Ministros, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria de equilibrio ou superávit (capacidade de financiamento) ponse de manifesto, según o manual da IGAE e según o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. A *Ley General de Estabilidad Presupuestaria* supón para un Municipio, que éste en un exercicio orzamentario só pode acudir ao endebedamento en unha cantidade igual á que vaia a amortizar no mesmo exercicio.

#### Datos proxecto orzamento 2019

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais (€)
1	Gastos de persoal	2.021.129,26
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.221.035,72
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	252.871,40
6	Inversións reais	1.657.400,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		7.174.436,38
EMPREGOS	CAPÍTULOS 1 A 7	7.152.436,38

**.....CONCELLO DE BERGONDO.....**

Orzamento para o exercicio de 2019

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais (€)
1	Impostos directos	2.460.175,12
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.298.367,80
4	Transferencias correntes	2.289.483,29
5	Ingresos patrimoniais	42.596,07
7	Transferencias de capital	911.814,10
8	Activos financeiros	22.000,00
TOTAL		7.174.436,38
RECURSOS	CAPÍTULOS 1 A 7	7.152.436,38

Polo que se obtén o seguinte

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	
CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
SUMA CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS (+)	7.152.436,38 €
SUMA CAPÍTULOS 1 A 7 DE GASTOS (-)	7.152.436,38 €
SALDO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (CAP. FINANCIAMENTO)	0,00 €

Axustes en termos de contabilidade nacional

1) Axustes en ingresos

Enténdese que o axuste a realizar neste apartado é 0,00, posto que no proxecto de orzamento para o 2019 xa se tivo en conta na previsión de ingresos a evolución da recadación.

2) Reintegro de liquidacións PIE. Para este exercicio a previsión é 0,00.

Axustes en gastos

1) Polo que respecta o axuste por grado de execución do gasto, a Guía para a determinación da regra de gasto (3ª edición), establece que este axuste, reducirá os empregos non financeiros naqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E os aumentará naqueles créditos cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente

Por parte da funcionaria que subscribe se entende que ó comparar créditos iniciais con obrigas recoñecidas, habería que descontar as obrigas recoñecidas procedentes de incorporación de remanentes financiadas con compromisos de ingresos e gastos con financiación afectada, así como os procedentes de xeracións de crédito, por tratarse de

**.....CONCELLO DE BERGONDO.....**

Orzamento para o exercicio de 2019

gastos vinculados a unha subvención e que son de incorporación obrigatoria e vinculados a un exercicio concreto, suxeitos a un ingreso procedente doutras administracións públicas e que non teñen porque executarse no exercicio seguinte. Por outra banda, tamén as ampliacións de crédito, deberían de ser obxecto de axuste dado que o aumento de crédito no estado de gastos está provocado por un incremento correlativo nos ingresos afectados a aplicación orzamentaria correspondente. Derivado de todo isto, os cálculos a realizar son os seguintes, tendo en conta a media dos tres últimos exercicios e aplicada ó proxecto de orzamento para o 2019

- No exercicio 2016, das obrigas recoñecidas no capítulo 1, minórase a contía de 53.600,00, procedentes de xeracións de crédito, das obrigas recoñecidas no capítulo 2, a contía de 20.797,56, tamén procedente de xeración de crédito e das obrigas recoñecidas do capítulo 6 se minoran procedentes de incorporación de remanentes financiados con compromisos de ingresos a contía de 165.462,04 e de xeracións de crédito a contía por importe de 137.783,13.
- No exercicio 2017, das obrigas recoñecidas do capítulo 1, minórase a contía de 34.259,45, procedentes de incorporación de remanentes e 42.842,89 procedentes de xeracións de crédito, das obrigas recoñecidas do capítulo 2, minórase a contía de 63.691,63 procedentes de incorporación de remanentes e 10.810,58, procedentes de xeracións de crédito e das obrigas recoñecidas do capítulo 6, se minora a contía de 314.093,14 procedentes de incorporación de remanentes e 67.760,00 procedentes de xeración de créditos
- No exercicio 2018, das obrigas recoñecidas do capítulo 1, minórase a contía de 21.803,93, procedentes de incorporación de remanentes e 65.620,57 procedentes de xeracións de crédito, das obrigas recoñecidas do capítulo 2, minórase a contía de 24.453,30 procedentes de incorporación de remanentes e 13.021,86, procedentes de xeracións de crédito e das obrigas recoñecidas do capítulo 6, se minora a contía de 33.513,37 procedentes de incorporación de remanentes e 81.243,88 procedentes de xeración de créditos.

Exercicio 2016	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
Total	5.954.620,33	5.562.852,22	-0,07

Exercicio 2017	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
Total	6.648.192,66	5.349.883,90	-0,20

O exercicio 2018 realízase cos datos da estimación da liquidación. Tendo en conta que a presente data as obrigas recoñecidas cap 1 a 7 ascenden a 4.919.698,96 euros, estímase que a fin de exercicio poderían chegar a 6.300.000,00 euros.

Exercicio 2018	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
Total	6.118.645,89	6.060.343,09	-0,010

**.....CONCELLO DE BERGONDO.....**

Orzamento para o exercicio de 2019

Polo que o importe do axuste sobre previsións de gastos non financeiros 2019 deducidos os intereses ascende a 645.169,97 euros.

Polo que o cálculo da estabilidade orzamentaria queda como segue:

Cap 1 a 7 ingresos	7.152.436,38
Cap 1 a 7 gastos	7.152.436,38
Capacidade de financiamento	0,00
Axustes recadación cap 1	0,00
Axustes recadación cap 2	0,00
Axustes recadación cap 3	0,00
Axuste por grado de execución	(-645.169,97)
Axuste por gastos pendentes de aplicar	0,00
Total ingresos axustados (Cap 1 a 7 ing +/- axustes recadación e +/- axustes liquidación PIE)	7.152.436,38
Total gastos axustados (Cap 1 a 7 gastos +/- axuste por inexecución +/- axuste por gastos pendentes de aplicar)	6.507.266,41
Total capacidade de financiamento	645.169,97

Polo que se pode concluir que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria no expediente do proxecto de orzamento para o exercicio 2019.

Este é o meu informe suxeito a calquera outro mellor fundado en dereito

Bergondo, na data que figura na marxe

A interventora

Enterado

A alcaldesa

Asdo. Laura Gutiérrez Ortiz

Asdo. Alejandra Pérez Máquez